



# Europa NO TEU Concello



EUROPE DIRECT  
A Coruña



Deputación  
DA CORUÑA

#EUROPANOTEUCONCELLO

#NEWSLETTER

## CONSULTA AS NOVIDADES!

5 de xullo 2024

### -EU ❤️ UE visita Negreira, Dumbría e Vimianzo! - 5, 6 e 7 de xullo

Xogos, premios e información europea de ruta pola provincia! Atopa nas tardes desta fin de semana o noso punto EU ❤️ UE nos concellos de Negreira, Dumbría e Vimianzo.

### -Formación remunerada no Instituto Europeo para a Igualdade de Xénero - ata o 26 de xullo

Prácticas de seis meses na unidade de Extensión e Participación na sede do instituto en Lituania.

### -Prácticas no Tribunal de Xustiza da Unión Europea - ata o 15 de setembro

Entre tres e cinco meses de formación nos gabinetes de avogacías xerais e xuíces ou nos servizos do Tribunal.

### -Corresponsais Erasmus en Flandes - ata o 7 de xullo

Turismo de Flandes oferta 10 prazas remuneradas para estudiantado español que realice o seu Erasmus en Flandes no vindeiro curso. Tamén teñen opcións para o verán.

### -Curso sobre a Unión Europea do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación - ata o 15 de xullo

Edición 141 deste curso presencial en Madrid sobre a UE que se imparte de outubro a decembro.

Europe Direct A Coruña - [europedirect@dacoruna.gal](mailto:europedirect@dacoruna.gal) - [www.dacoruna.gal/europedirect](http://www.dacoruna.gal/europedirect)



Europe Direct A Coruña



@edcoruna



@europedirectcoruna



682677765

## **-Algunhas oportunidades do Corpo Europeo de Solidariedade:**

### **-Voluntariado sobre benestar e nutrición en Grecia - ata o 28 de xullo**

Experiencia de voluntariado dun mes en Grecia relacionado coa promoción dunha alimentación saudable.

### **-Traballo voluntario nunha asociación cultural de Macedonia - sen data límite**

Un ano de voluntariado nos ámbitos de comunicación e redes sociais.

## **E lembra!**

### **-Prácticas na Empresa Común para un Hidróxeno Limpo - ata o 15 de xullo**

Formación remunerada de seis meses en Bruxelas para as seccións de Operacións e Comunicións e a de Finanzas e Administración.

### **-Formación na Axencia da UE para a Cooperación Xudicial Penal (EUROJUST) - ata o 12 de xullo**

Formación remunerada de cinco meses na Haia nos departamentos de Recursos Humanos, Planificación e Orzamento, Eventos e Loxística, Secretariado e Casos.



## **Coñeces o noso ClubUE?**

Se tes entre 18 a 30 anos e queres COÑECER, APRENDER e PARTICIPAR das oportunidades que ofrece a Unión Europea. Únete!

\*\*\*

Podes acceder aos enlaces dende a páxina:

<https://bit.ly/EuropaNoTeuConcello> ou escaneando o código QR



Europe Direct A Coruña - [europedirect@dacoruna.gal](mailto:europedirect@dacoruna.gal) - [www.dacoruna.gal/europedirect](http://www.dacoruna.gal/europedirect)

  Europe Direct A Coruña  @edcoruna  @europedirectcoruna  682677765